


Os muros exteriores ou de pechamento, están executados con mampostería rexuntada con cinta ancha, ou con pedras regulares máis ou menos traballadas. Como pode verse, a pedra granítica nas súas diversas formas e colocacións está incorporada na estrutura e pechamento das vivendas.



Mezcla de pizarra e tella como material de cubrición.

Sempre a tella atrás e a pizarra perto do aleiro.

Esto dase en poucas ocasións

FERNANDO RODRÍGUEZ NESPEREIRA.

Biografía, consultar

«Raigame» n° 0 e n° 1.



ELEMENTOS DE ARQUITECTURA POPULAR II:

PAREDES E MUROS, ENTRAMADOS DE MADEIRA, CUBERTAS E VOADIZOS

PAREDES E MUROS

Os muros de pechamento das nosas casas rurais, pola súa presenza e importancia constitúen o elemento constructivo da arquitectura popular con maior forza expresiva, non só pola súa importante función de sosteñemento da casa, senon tamén pola súa beleza plástica, dominando, xunto coa cuberta, a estética e harmonía do conxunto edificatorio.

Levántanse os perímetros das edificacións con anchos muros de pedra, formando o propio pechamento das plantas, ben soamente perimetrais, cando a distancia a salvar era inferior a uns 6,00 m. ou cando esta distancia era superior, acompañados

de outros muros intermedios interiores que xa formaban parte da distribución interior da planta baixa e que servían para apoiar as vigas mestras que lles trasladaban as cargas dos entramados de madeira.

O material destes muros é fundamentalmente pedra granítica en forma de mampostería máis ou menos elaborada, distinguindo entre estas mamposterías a sillería, a mampostería concertada e a mampostería ordinaria, anque atopamos algúns muros de xisto pizarroso, colocado con pedras planas, que se utilizan nas edificacións das zonas montañosas nas que se atopan este tipo de esquistos.

A execución do muro, independentemente da calidade da pedra, case sempre era similar. Levantábanse simultaneamente as dúas caras vistas do muro; unha por fora (extrados) e outra por dentro (intrados), por unha parella de canteiros que se colocaban un a cada lado do mesmo, elaborando cada un a súa "folla do muro".

Polo interior do muro quedaba a cara

mala da pedra e os ocos que quedaban entre ambas follas, enchíanse con pedras pequenas e barro arcilloso.


Estos muros trabábanse, cada certa distancia, con pedras máis grandes que abarcaban o ancho total do muro e facían de “chaves” ou “trabes”, tamén chamadas “Xuntoiras”, que anclaban as dúas caras vistas do muro para que este non abrise.

O espesor medio do muro varía. Se é de cantería elaborada tipo sillería podería ter 50 ou 60 cms, e se é de mampostería ordinaria o cachotería, necesitaba máis ancho para a súa estabilidade, medindo entre 60 e 70 cms.

Os muros das plantas altas eran algo máis estreitos, e no caso de ser muro labrado este só conservaba unha cara ou folla, (a exterior) quedando o seu ancho reducido a 25 ou 30 cms, e outras veces, este pechamento dos andares altos era de palla-barro con entramado de madeira.

A cara externa dos muros quedaba coa pedra vista, a maior parte das veces sen rexuntar. Noutras ocasións e de execución máis recente, realizábase un encintado ancho, con area e cal apagada que tapaba as xuntas da pedra conseguindo uns debuxos como de círculos tanxentes de diferentes tamaños, redondeados nas esquinas. Este tipo de rexuntado realizábase en muros de pedras pequenas.

No caso das casas solariegas, de certa importancia, cando non quedaba a xunta á vista e se procedía a encintar as mesmas, facíase unha cinta de 3 cms. de ancho, de formas regulares, paralela e perpendicular, debuxando a medida exacta de cada pedra. Esta técnica é moi recente na arquitectura popular.



Este encintado con acabado en cal, adornábase na parte alta dos muros, conseguindo un efecto decorativo onde se procedía a facer filigranas tipo “puntilla” ou simplemente debuxos alegóricos a cultos pagáns.



Os muros de pechamento das nosas casas rurais, pola súa presenza e importancia, constitúen o elemento constructivo da arquitectura popular con maior forza expresiva, non só pola súa importante función de sosteñemento da casa, senon tamén pola súa beleza plástica, dominando, xunto coa cuberta, a estética e harmonía do conxunto edificatorio.



A unha altura aproximada entre 2,50 e 3,00 m. sitúase o andar da casa. Esta planta elevada repite a mesma forma e superficie que a da planta baixa, dando sensación de corpos volumétricos unitarios, a excepción dos vós (corredores, balcóns, solainas e galerías) ou das construcións de planta baixa auxiliares e independentes da construción principal.

Os muros macizos potentes, só se interrompían para abrir neles os pequenos ocos de portas e xanelas, ou para introducir as grosas vigas de carga de madeira; deixando en ocasións unha ménsula no muro á espera de recibir o apoio desa viga.

O resultado estético, aparte do funcional que xa se describiu, é moi agradábel xa que os muros tanto das casas como dos alpendres, adegas, peches de fincas, etc... pola súa cor e textura adquirida através do tempo, identifícanse co medio, formando parte da paisaxe rural nun auténtico alarde de maravilloso mimetismo.

OS ENTRAMADOS DOS ANDARES

As casas desta zona, na súa maior parte, articulábanse en dúas plantas, polo que sempre existe un andar con entramado de madeira no medio, ao que agora nos imos referir.

O piso é de madeira, de táboa ancha e grosa, sendo o seu tamaño irregular, con unhas máis anchas que outras. A estrutura dos andares está composta por grandes vigas de castaño ou carballo, de sección importante de acordo coa luz a salvar, sendo esta de 4 a 6 m. e a distancia entre as vigas de carga de 2 a 4 metros.

Entre as vigas dispóñense os puntóns, de forte sección, colocados de 40 a 60 cms entre si, que forman o entretecho ou entramado dos pisos. Sobre estes puntóns de forma irregular que se van calzando con pequenas cuñas de madeira ata quedar nivelados, clávase o entabado, o piso composto como se dixo anteriormente, por táboas grosas e anchas de distintos tamaños.

O piso das cociñas e lareiras está executado con grandes lousas de pedra granítica, apoiadas en potentes e cortas vigas de madeira; estas pedras conforman o chancel das lareiras, onde se fai o lume e se coci-

ña, ocupando unha boa parte da superficie desta estancia.

Cando existen voadizos, as vigas de carga soen sobresair dos muros, voando ao exterior entre 50 cms e 1,00 m para recibir o entramado do corredor ou galería.

Cando os vós son máis atrevidos na súa lonxitude, estas vigas de carga quedan apeadas no seu extremo, ben por codais aos muros de carga ou ben por pés dereitos ou columnas de pedra ou madeira.

AS CUBERTAS

A forma e disposición da cuberta varía entre unha, dúas, tres e catro augas, dependendo do agrupamento das casas que conforman o núcleo rural e forma das medianeiras coas que colindan, ou dos camiños e rúas aos que dan, predominando a cuberta a dúas augas.

A pendente media dos paños das cubertas é bastante regular e varía entre un 25 e un 30%, sendo suaves e longas nas súas vertentes, sen alteracións ao longo da mesma e sen saintes por riba do tellado, a excepción das chimeneas.


Unha característica peculiar da construción rural é que a cuberta prolóngase despois do aleiro e cubre o balcón, galería, corredor o patín, facéndoo en prolongación do paño da cuberta e polo tanto reducindo a altura na punta do vó, de aí que nos balcóns ou corredores exista unha altura entre 1,80 e 2,20 m. na punta do vó, conseguindo con elo unha única vertente desde o cumio ata o aleiro, sen ter que alterar a estrutura ao chegar a cubrir o vó.

O material utilizado como cuberta, é na súa maioría de tella curva formada por filas chamadas canais e as tapas cobixas ou "cubertas", colócanse solapadas, con un traspaso de 1/3 do total de cada peza. As tellas son burdas, realizadas a man, de barro cocido abundante nesta zona, de cor parda clara (hoxe moi escuras debido ao paso do tempo) e fabricadas en "telleiras" que existen en varios puntos desta Ribeira Sacra. (Niñodagua, Telleira, etc..)


Tamén é normal atopar cubertas mixtas que combinan tellas en case toda a cuberta e laxas de pizarra nas partes baixas da mesma e no seu aleiro. Isto débese á mellor adaptación da pizarra como elemento de remate de aleiro e polo tanto de escurrideiro de auga cara o vó, ao non existir canalón.

Nalgunhas ocasións, a caída da cuberta

A forma e disposición da cuberta varía entre unha, dúas, tres e catro augas, dependendo do agrupamento das casas que conforman o núcleo rural e forma das medianeiras coas que colindan, ou dos camiños e rúas aos que dan, predominando a cuberta a dúas augas.



As cubertas dominantes na ribeira son de tella, a catro ou dúas augas, suxeitas con pedras en cumbreiras ou aleiros, e con curiosos adornos nas súas cumbreiras.



na súa zona central (por exceso de peso), motivaba que na súa reconstrucción se mantuvieran as pizarras situadas por riba dos muros, as que non caeran, e retellándose con tellas as partes centrais das cubertas.

O material utilizado como cuberta, é na súa maioría de tella curva formada por filas chamadas canais e as tapas cobixas ou "cubertas", colócanse solapadas, con un traspaso de 1/3 do total de cada peza.



É frecuente, diríamos normal, que os muros laterais se prolonguen por riba da cuberta,

cando esta é a dúas augas, e se rematen con pezas planas de pizarra ou pedra granítica plana que voa sobre as tellas e sobre o muro a modo de sombreiro protector.

En canto á estrutura da cuberta, esta é de madeira, con seccións de ancho variábel e material de castaño ou carballo fundamentalmente.

Dita estrutura soe estar executada con

tixeiras simples, colocadas cada 2 ou 3 m. entre si, apoiadas nos muros de pedra, en ocos ou ménsulas especiais, ou tamén apoiadas en "soleiras" (pezas lonxitudinais de madeira acostadas). É corrente que o trabazón das pezas de madeira que

forman a tixeira da estrutura se faga con claves ou clavos de madeira, colocados a presión.

Entre as tixerías colócanse puntóns de sección cuadrada de 10x10 cms. aproximadamente, separados

entre si de 50 a 70 cms., e semiempotrados nas vigas ou calzados sobre elas, dada a irregularidade dos mesmos, segun-

do pida o seu nivel, xa que a madeira non é de todo dereita, descansando sobre os mesmos, un taboado ou "enlatado" con táboas planas e anchas, separadas entre si para favorecer a ventilación, que cubren toda a superficie do tellado e sobre as que se tella directamente.


O máis resaltábel destas, formas era que sempre se escollían os troncos curvos para fabricar as "cerchas", de tal forma que en vez de triángulos a veces parecían arcos máis o menos redondos, que por riba destas pezas arqueadas ían calzando con pezas verticais ou pés dereitos ata conseguir que os apoios das correas quedasen ao mesmo nivel.

Nen que dicer ten que nunca existen elevacións nas cubertas en forma de galápagos ou mansardas, o seu volume é sempre o que forma a propia cuberta e muros sen ningún tipo de engadido nen sainte sobre a cuberta, a excepción das chimeneas.

Chama a atención nestas cubertas, a cuidadosa e curiosa disposición das pedras para evitar o movemento das tellas, que ás veces parecía que fosen postas para decorar e non como elemento de sustentación. Escollían para elo pedras cuarzosas brancas ou grises que destacaran do tellado, rematando os extremos da cumbreira con pezas afiadas de tipo piramidal, en alegoría a cultos e tradicións supersticiosos.

OS ALEIROS E VOADIZOS DA CUBERTA


A forma e vó dos voadizos das cubertas, é variada e con diferentes tipos; por un lado, cando a casa é de importancia e a súa potente cantería así o esixe, dispúñanse os voadizos sobre a cornisa de pedra



Existen diferentes tipos de aleiros, desde cornisas de pedra con gárgolas a aleiros de madeira con puntóns vistos ou forrados ata remates laterais con pedra de laxa granítica ou pizarrosa.


que a meudo contiña o mesmo canalón labrado, con un sistema de "Gárgolas" que verquían a auga ao exterior. Isto atópase en poucas edificacións da zona.

O que é máis frecuente e digamos forma a xeneralidade das casas desta zona, é a disposición dos puntóns da cuberta, prolongándose sobre o muro da casa de 20 a 50 cms., levando o tellado co seu enlatado e tellas ata a punta, onde se remataba a cabeza dos puntóns con unha táboa plana que facía de canto de cuberta, recortada en formas curvas para asentar as tellas. Estes voadizos prolongábanse esaxeradamente para cubrir a entrada da casa, sendo necesario o seu reforzo e aco-damento contra o muro da casa.



Outro aleiro utilizado en zonas altas, máis montañosas, é o das laxas de pizarra plana dispostas enriba do muro de pechamento, con un pequeno sainte, seguindo a pendente do paño de cuberta e verquendo a auga directamente ao exterior.

Outras veces, estos voadizos, forrábanse de madeira pola parte baixa, a fin de que non se visen os puntóns. Anque este tipo de recubrimento podemos dicir que é de



execución máis recente e pouco responde á arquitectura popular.

Outro aleiro utilizado en zonas altas, máis montañosas, é o das laxas de pizarra

plana dispostas enriba do muro de pechamento, con un pequeno sainte, seguindo a pendente do paño de cuberta e verquendo a auga directamente ao exterior, ás veces coas tellas enriba e tapándoo na súa totalidade e outras veces quedando vistas estas pezas 30 ou 40 cms. ao final do tellado, sirvindo de verteugas.

Os voadizos laterais, nas cubertas a dúas augas, tamén eran importantes. O seu vó é moito menor (de 5 a 15 cms), non hai que esquecer que este vó realízase ás veces sobre terreos que non son propiedade da casa. Hainos xeneralmente de dúas formas: ou voando a tella "cobixa" é dicir a que queda no alto sobre unha pedra plana de granito ou pizarra que sobresa uns 5 cms., ou ben prolongándose o muro por riba do tellado, rematando o mesmo con unhas fortes lousas xeneralmente graníticas e bastante planas, colocadas en forma de

escamas, unhas enriba de outras e voando sobre dúas ou tres filas de tellas para evitar filtracións de auga. Esta solución é a máis típica e antiga e confírelle unha forte personalidade con estas prolongacións por riba da cuberta.